
Crear e configurar uclient01

Sumario

- 1 Introdución
- 2 Importar MV
- 3 Configuración de uclient01
    - 3.1 Cambiar configuración IP
    - 3.2 Cambiar nome
    - 3.3 O ficheiro /etc/hosts

Introdución

- Baseándonos no escenario 1.A imos configurar **uclient01**.



Importar MV

- Imos crear uclient01 a partir do ficheiro OVA creado no apartado anterior.

- Importar uclient01
- 

Facemos dobre click no ficheiro OVA.
- 


Configuramos o nome **uclient01** e marcamos rexenerar a MAC da MV.
- 


MV importada.

Configuración de uclient01

Cambiar configuración IP


- Comezaremos configurando a rede e para iso usaremos o visto no apartado anterior en modo gráfico

- Cambiar IP
- 

Se executamos **ifconfig** veremos que a interface de rede non ten configuración IP.
Iproute2: ip addr show
- 

Editamos as conexións ...
- 

Vemos que hai dúas configuracións, cada unha delas está asociada a unha MAC. **Conexión cableada 1** está asociada á nova MAC. A outra conexión podemos borrala se o desexamos. Editamos a conexión da MAC actual.

- 

Configuramos a nova IP segundo o Escenario 1.A.: 172.16.5.20/24


- 

Revisamos a configuración IP e está OK.

Iproute2: ip addr show

- 


O mesmo de modo gráfico.

- 

Ping a un equipo exterior tamén funciona.

Cambiar nome

- Agora cambiaremos o nome do equipo. Para iso úsase o ficheiro /**etc**/**hostname** e o comando **hostname** ao igual que se fixo en Debian.

- Cambiar nome
- 


Editamos o ficheiro /**etc**/**hostname** que é onde se garda o nome do equipo.

- 

Cambiamos ao nome a **uclient01**. Saímos gravando con CTRL+X

- 


Se reiniciamos o equipo xa se le o novo nome do ficheiro anterior. Pero se non queremos reiniciar pero queremos cambiar o nome executamos: **sudo hostname uclient01**. O nome xa é efectivo.

- 

Con saír do sistema, non fai falla reiniciar,

- 

na esquina superior esquerda xa aparece o novo nome.


- 

E na consola tamén.

O ficheiro /etc/hosts

- Como xa se indicou este ficheiro almacena a lista de hosts locais: nomes locais asociados IPs (locais ou non).


- Cambiar /etc/hosts

- 


Como en dserver00, Se facemos ping a uclient01 non hai resposta, pero si a hai se o ping se fai a ubase.

- 

Para iso hai que editar o ficheiro /**etc**/**hosts**.

- 

Configuramos uclient01 para que responda a IP local 127.0.1.1, que é o mesmo equipo.

- 

Agora **uclient01** resolve correctamente cando se fai ping. E tampouco veremos a advertencia de que non se pode resolver o host **uclient01** cando se execute **sudo**.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez --